

CONVOCATORIA DE MOBILIDADE SICUE. SISTEMA DE INTERCAMBIO ENTRE CENTROS UNIVERSITARIOS ESPAÑOIS. CURSO 2019-20

A Universidade da Coruña (UDC) publica a convocatoria de prazas en universidades españolas, no marco do Programa de mobilidade do sistema de intercambio entre centros universitarios españois (SICUE), para o próximo curso académico 2019-20.

Este programa de intercambio de alumnos entre universidades españolas non dá dereito a axuda económica.

OBJECTO, FINALIDADE E NORMATIVA DE APLICACIÓN

A finalidade deste programa é a de lles facilitar aos estudantes españois a realización dunha parte dos seus estudos nunha universidade española distinta á súa, con garantías de recoñecemento académico e de aproveitamento, así como de adecuación ao seu perfil curricular. O recoñecemento destes estudos realízase nos termos previstos na Normativa de xestión académica da UDC e pola propia Normativa do Programa SICUE para o curso 2019-20 emitida pola Conferencia de Rectores de Universidades Españolas CRUE (**Anexo I**: pode atopalo na ligazón da web da UDC: <https://www.udc.es/gl/estudiantes/intercambio/> na convocatoria de SICUE 2019/20, e xunto con máis información na ligazón da web da CRUE: <http://www.crue.org/SitePages/SICUE.aspx>).

CONDICIÓN

As prazas de intercambio que se convocan para cada titulación son as que figuran no **Anexo II** que pode atopar na ligazón da web da UDC: <https://www.udc.es/gl/estudiantes/intercambio/> na convocatoria de SICUE 2019/20. Na seguinte ligazón da web da CRUE figura a totalidade dos Acordos Bilaterais das Universidades Españolas para o curso 2019/20: <http://www.crue.org/SitePages/SICUE.aspx>. O estudantado deberá comprobar o grao de implantación da súa titulación nas páxinas web das respectivas universidades.

- O estudantado que participe neste intercambio seguirá sendo alumnado da UDC, onde se matriculará e aboará os prezos públicos correspondentes. Na convocatoria 2019-20 inclúese a obriga de que antes de efectuar a matrícula na universidade de destino, o estudante debe ter o acordo académico asinado por parte do coordinador académico da dita universidade. Poderán cursar materias nas dúas universidades, mentres dure o intercambio.

- O alumnado que teña intención de incluír o TFG no acordo académico deberá contactar co coordinador da universidade de destino para coñecer os requisitos asociados no seu caso. A asignación de tema e/ou titor e a defensa do traballo deberase facer conforme aos requisitos establecidos pola universidade de destino.
- Sempre e cando non contraveña a normativa interna da UDC, e o coordinador académico así o autorice, poderase incluír no acordo académico materias cualificadas como suspensas con anterioridade. No caso de materias non presentadas, estas terán o mesmo tratamento que se se desen na universidade de orixe, tanto para os efectos de cualificación como para os efectos de convocatoria.
- No caso de que o alumnado desexe incluír no intercambio SICUE materias que non se atopan na titulación obxecto do acordo, logo da autorización de todos os coordinadores da universidade de destino e da universidade de orixe implicados, poderao facer .
- Poderanse cursar materias optativas do plan de estudos da universidade de destino, non incluídas no plan de estudos da UDC e incorporalas posteriormente ao expediente do alumno na UDC como optativas.
- No acordo académico especificarase a duración das estadías do intercambio. Para o curso 2019-20 serán as seguintes:
 - Medio curso: para cursar un mínimo de 24 créditos
 - Curso completo: para cursar un mínimo de 45 créditos

Para o alumnado ao que lle resten para finalizar os estudos menos créditos que o mínimo esixido, poderá optar ao intercambio igualmente se cumpre o resto de requisitos.

- No caso de alumnado con grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %, establécese unha menor carga lectiva:
 - Medio curso: para cursar un mínimo de 12 créditos
 - Curso completo: para cursar un mínimo de 24 créditos

Nestes casos, as universidades de orixe e destino procurarán informar, coordinar e realizar o seguimento máis axeitado, a través das persoas responsables de mobilidade e unidades de apoio ao alumnado con discapacidade, para desenvolver mellor a súa actividade académica.

- Permítese tanto a redución da estadía (de curso completo a medio curso) como a ampliación da estadía (de medio curso a curso completo), sempre que os coordinadores das universidades de orixe e de destino estean de acordo. En calquera caso, a redución ou ampliación da estadía de intercambio recollerase no anexo do impreso C (Acordo académico: pode atopalo na ligazón da web da UDC: <https://www.udc.es/gl/estudiantes/intercambio/> na convocatoria de SICUE 2019/2020, e xunto con máis información na seguinte ligazón da web da CRUE: <http://www.crue.org/SitePages/SICUE.aspx>).
- O acordo académico aceptado polas tres partes implicadas (alumnado, centro de orixe e centro de destino) terá carácter oficial de contrato vinculante para os asinantes. Este será xestionado polos coordinadores dos centros de orixe e destino, coa colaboración das administracións dos respectivos centros.
- Quedan excluídos do programa de mobilidade SICUE os plans de estudo de mestrado e de doutoramento.
- O alumnado participante no programa SICUE non poderá obter máis dun intercambio na mesma universidade de destino, nin máis dun intercambio SICUE no mesmo curso académico.
- O alumnado cando chegue á universidade de destino deberá cubrir o modelo de **certificado de chegada**, publicado na web de SICUE (impreso F: pode atopalo nas ligazóns xa indicadas anteriormente) e envialo, asinado polo coordinador SICUE da Universidade de destino, ao enderezo sicue@udc.es.

REQUISITOS XERAIS

- Ter superados na universidade de orixe un mínimo de **45 créditos** (antes do 30/09/2018).
- Estar matriculado ao finalizar o prazo de presentación de solicitudes, nun mínimo de **30 créditos** no curso 2018-19.
- Os estudantes procedentes de traslado deberán ter superados os 45 créditos na universidade a que se trasladaron, na cal solicitan a mobilidade.

DOCUMENTACIÓN

O estudantado que reúna os requisitos mencionados e estea interesado nesta convocatoria deberá presentar a seguinte documentación:

- a solicitude de mobilidade (orixinal e copia), en que solicite un máximo de 3 universidades de destino por orde de preferencia
- unha copia do DNI

PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN

Desde o **13 de febreiro** ata o **13 de marzo de 2019**, en horario de atención ao público (8:30 h a 14:30 h).

A solicitude orixinal (impreso A: pode atopalo nas ligazóns xa indicadas anteriormente) , logo da revisión do/a profesor/a coordinador/a de intercambios da facultade ou escola, presentárase no rexistro do Servizo de Estudantes-LERD (Pavillón de Estudantes – campus de Elviña) ou no LERD-Ferrol (Edificio de Apoio ao Estudo – campus de Esteiro), ou na sede electrónica: https://sede.udc.gal/services/telematic_register, sempre que a persoa solicitante dispoña de certificado dixital.

O/a profesor/a coordinador/a de intercambios das facultades e escolas da UDC, deberá remitir unha relación coas solicitudes revisadas do seu centro por correo ao enderezo sicue@udc.es.

TRAMITACIÓN E PROCESO DE ADXUDICACIÓN

Unha vez que finalice o prazo de presentación de solicitudes, estas examínanse para comprobar que cumpren os requisitos citados anteriormente. Publicarase a relación provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo e a relación provisional de solicitudes admitidas ordenadas pola nota media do expediente.

O estudiantado que figure na listaxe de excluídos disporá dun prazo de **10 días hábiles**, desde o día seguinte á publicación da listaxe, para emendar os defectos da súa solicitude ou presentar alegacións.

O procedemento de selección de estudantes farase conforme aos requisitos xerais especificados no relativo a créditos superados. Aos estudantes que non cumpran estes requisitos seralles denegada a petición, sen entrar a valorar o seu expediente académico.

A selección dos estudantes levarase a cabo en función da nota media de cualificación. En caso de empate, sempre e cando non se contraveña a normativa interna da universidade, que prevalecerá en casos de conflito, terá prioridade o alumnado con maior número de créditos con matrículas de honor. De continuar o empate prevalecerán como criterios de prioridade o menor número de créditos suspensos e o maior número de créditos superados, nesa orde. Para o cálculo das notas medias teranse en conta as cualificacións obtidas ata o 30/09/2018.

Terase en conta a cualificación obtida na última convocatoria, salvo o «Non presentado» que non computará no numerador nin no denominador.

A nota media do expediente académico de cada alumno calcularase de acordo coa seguinte fórmula: suma dos créditos cualificados (isto é, créditos superados con calquera cualificación e créditos suspensos), multiplicado cada un deles polo valor das cualificacións obtidas na escala 0 a 10 e dividida polo número de créditos totais cualificados ao alumno.

Para as materias adaptadas computarase a cualificación obtida no centro de procedencia. O recoñecemento de créditos que non teña cualificación non se terá en conta para os efectos da ponderación.

Naqueles casos en que nun expediente non figure, en todas ou nalgunhas das materias, a cualificación cualitativa da materia converterase en cuantitativa mediante a aplicación do seguinte baremo:

Matrícula de honor	10,0 puntos
Sobresaliente	9,0 puntos
Notable	7,5 puntos
Aprobado	5,5 puntos
Suspense	2,5 puntos

A selección das persoas candidatas será realizada pola Comisión de Valoración, composta por:

- Presidenta: vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria
- Vogal: coordinador da ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos
- Secretaria: xefe/a da Sección de Acceso e Información

As prazas distribuiranse por orde de puntuación. Non se poderán adxudicar máis prazas que as aceptadas nos convenios bilaterais.

RESOLUCIÓN

A Comisión publicará antes do **26 de abril de 2019** a *Resolución de adxudicación provisional* de persoas admitidas. Todas as listaxes serán publicadas na Sede Electrónica da UDC e no Servizo de Estudantes (LERD, Pavillón de Estudantes, campus de Elviña).

As persoas interesadas poderán presentar reclamación no prazo de **10 días hábiles**, que conta desde o seguinte á súa publicación, perante a Comisión de Valoración, unicamente cando concorra algunha das circunstancias seguintes:

- Que se cometera algún erro por mor da interpretación equivocada dos documentos achegados ou da valoración do seu expediente académico.
- Que apareza ou se acheguen novos documentos de valor esencial para a resolución.
- Que na resolución influíran documentos de dubidosa validez.
- Outras circunstancias debidamente xustificadas.

Unha vez que se resolvan as reclamacións, publicarase a *Resolución definitiva* e establecerase un prazo para aceptar/renunciar ao intercambio.

Á vista das renuncias presentadas polas persoas adxudicatarias, procederase a unha reasignación das prazas vacantes.

A Coruña, 13 de febreiro de 2019

A vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria.

Margarita Amor López